

CATÁLOGO

# APROVEITAMENTO DE RECURSOS MINEIROS

XUNTA  
DE GALICIA

Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Industria e Innovación

**ELABORA**

Secretaría Xeral Técnica

**DESEÑO/MAQUETACIÓN**

Gráficas Garabal S.L.

José Pías Sanahuja

**ANO DE EDICIÓN**

2023

**LUGAR**

Santiago de Compostela

## APROVEITAMENTO DE RECURSOS MINEIROS

Consellería de Economía, Industria e Innovación  
Secretaría Xeral Técnica



## Índice

1. <b>Introdución</b> .....	07
Antecedentes. Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia .....	08
Catálogos .....	08
Aproveitamento dos recursos mineiros. Conceptos .....	09
Dereitos mineiros.....	11
Esquema do proceso.....	14
2. <b>Requisitos sectoriais</b> .....	15
3. <b>Trámites preliminares</b> .....	19
4. <b>Trámites para obter dereitos mineiros</b> .....	21
Resumo do proceso.....	22
5. <b>Inscripción no Rexistro mineiro de Galicia</b> .....	31
6. <b>Trámites posteriores ao outorgamento</b> .....	33
<b>Anexo 1. Tramitación ambiental</b> .....	35
<b>Anexo 2. Condicións especiais para a declaración de utilidade pública ou interese social. Necesidade de ocupación</b> .....	37
<b>Anexo 3. Tramitación municipal</b> .....	39
Posibilidade de presentar consultas previas ante o concello .....	40
Aboamento dos tributos que procedan, de ser o caso .....	40
Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade .....	40
Presentación de comunicación previa ao inicio da actividade sen realización de obras .....	45



## 1. Introducción

## Antecedentes. Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

A [Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia](#), ten por **obxecto** establecer as medidas necesarias para facilitar a reactivación da actividade económica tras a crise xerada polas consecuencias da pandemia da Covid-19, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, desde unha perspectiva de **simplificación administrativa que favoreza a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia**.

O título II da lei regula os sistemas de apoio administrativo á implantación de iniciativas empresariais, e divídese en tres capítulos. O capítulo I crea o **Sistema de Atención ao Investimento**, como unha figura clave para dar resposta á demanda clásica da cidadanía en xeral, e dos colectivos vinculados á empresa en particular, sobre as dificultades existentes para obter a información e a orientación que precisan para poñer en marcha as súas iniciativas empresariais, a través dun servizo de acompañamento e información que lles **ofrece a posibilidade de realizar a tramitación administrativa autonómica e tamén a local nos supostos de adhesión dos concellos a este**.

### Catálogos

Como medida de apoio á implantación das iniciativas empresariais, destaca no capítulo I a referencia á creación dunha serie de **catálogos** aprobados polo Consello da Xunta de Galicia. No punto 1 do artigo 14 especificase que, a través do Sistema de Atención ao Investimento, se poderá acceder de maneira gratuíta aos **“catálogos en que se recollan de forma clara e por orde cronolóxica todos os trámites administrativos exixibles e as actuacións necesarias para a implantación das iniciativas empresariais, incluídos os de competencia municipal dos concellos adheridos ao Sistema de Atención ao Investimento”**.

Estas figuras, que deberán actualizarse permanentemente, supoñen unha gran simplificación para as empresas e, en particular, para as persoas emprendedoras, que poderán consultar os trámites que lles serán exixidos pola Administración autonómica, o que supón facilitar a comprensión, a planificación e a tramitación da parte administrativa.



## Aproveitamento dos recursos mineiros. Conceptos

Cada un dos catálogos que se aprobe deberá recoller os trámites necesarios para a determinación das iniciativas empresariais.

O réxime xurídico dos recursos minerais e demais recursos xeolóxicos vén regulado pola Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e polo Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral para o réxime da minaría.

A antedita Lei de minas de 1973, xunto co seu regulamento de desenvolvemento, establecen que todos os xacementos de orixe natural e demais recursos xeolóxicos existentes no territorio nacional, mar territorial e plataforma continental son bens de dominio público, e regulan as condicións nas que se poderá realizar a investigación e o aproveitamento destes.

Así, é esta mesma Lei de 1973 a que clasifica os xacementos minerais e recursos xeolóxicos, inicialmente, en tres seccións: A, B e C. As seccións A) e C) responden a un criterio de clasificación económico, mentres que a sección B) é unha clasificación que atende a unhas propiedades físicas dos recursos, ou de orixe dos xacementos. Posteriormente, coa entrada en vigor da Lei 54/1980, do 5 de novembro, de modificación da Lei de minas, con especial atención aos recursos minerais enerxéticos, introdúcese unha nova sección D), para incluír na dita clasificación os recursos desta natureza.

Pola súa banda, o Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 28 que Galicia ten competencia para o desenvolvemento legislativo e execución da lexislación do Estado en materia de réxime mineiro e enerxético, polo que, en virtude deste artigo, se aproba a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, a cal ten por obxecto o desenvolvemento do réxime xurídico das actividades mineiras en Galicia en condicións de sustentabilidade e seguridade, promovendo un aproveitamento racional compatible coa protección do medio ambiente.

A Lei 3/2008, de ordenación da minaría, establece un procedemento unitario e integrado para o outorgamento de dereitos mineiros en todo o territorio da comunidade autónoma, con independencia do tipo de recurso e da actividade mineira desenvolvida.

Polo anterior, é obxecto deste documento describir os trámites necesarios para iniciar unha actividade empresarial de aproveitamento dos recursos minerais e demais recursos xeolóxicos que teña lugar no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

## Clasificación dos xacementos minerais e demais recursos xeolóxicos. Recursos mineiros

Segundo a lexislación mineira, os xacementos minerais e demais recursos xeolóxicos clasifícanse nas seguintes seccións:

- A) Os xacementos minerais e recursos xeolóxicos de escaso valor económico e comercialización xeograficamente restrinxida, así como aqueles cuxo aproveitamento único sexa o de obter fragmentos de tamaño e forma apropiados para a súa utilización directa en obras de infraestrutura, construción e outros usos que non exixen máis operacións que as de arranque, quebra e calibración.
- B) Inclúen as augas minerais, as termais, as estruturas subterráneas e os xacementos formados como consecuencia de operacións reguladas pola Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas.
- C) Xacementos minerais e recursos xeolóxicos non incluídos nos anteriores apartados e que sexan obxecto de aproveitamento conforme a lei.
- D) Os carbóns, minerais radioactivos, os recursos xeotérmicos, as rochas bituminosas e calquera outro xacemento mineral ou recurso xeolóxico de interese enerxético.

Enuméranse a continuación, a título exemplificativo, algúns dos recursos que integran cada unha das seccións:

**Sección A):** Áridos para a construción.

**Sección B):**

- Augas
- Xacementos de orixe non natural (balsas e entulleiras)
- Estruturas subterráneas para almacenamento.

**Sección C):** todos os non incluídos nas seccións A), B) ou D):

- Minerais metálicos para a industria siderúrxica.
- Minerais para a agricultura e industrias químicas.
- Minerais para a industria do vidro e a cerámica.
- Minerais para recubrimentos.
- Metais preciosos.
- Rocha ornamental.

**Sección D):** os de interese enerxético (carbóns, minerais radioactivos, aproveitamentos xeotérmicos).

Tendo en consideración o ámbito de aplicación da Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galicia, quedarían fóra deste catálogo as seguintes actividades:

- A exploración, investigación, explotación e almacenamento subterráneo de hidrocarburos líquidos e gasosos.
- A extracción ocasional e de escasa importancia de recursos minerais, calquera que sexa a súa clasificación, sempre que a realice a persoa propietaria dun terreo para o seu uso exclusivo e non exixise a aplicación de ningunha técnica mineira.
- As augas reguladas na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Calquera aproveitamento de recursos xeotérmicos de escasa importancia económica, en particular aos que se dese utilidade de calefacción, climatización doméstica ou industrial e/ou auga quente sanitaria, baseados en sistemas xeotérmicos de moi baixa entalpía, con intercambiadores en circuíto pechado, ata 200 metros de profundidade, sempre que o levase a cabo a persoa propietaria do terreo para o seu uso exclusivo e que o aproveitamento non exixise a aplicación de ningunha técnica mineira.
- O aproveitamento lúdico das augas termais, que se rexerá polo disposto na Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.

## Dereitos mineiros

O exercicio por toda persoa física ou xurídica de actividades relacionadas cos recursos minerais e xeolóxicos descritos require dun título administrativo habilitante previo, outorgado pola consellería competente en materia de minas, sen prexuízo dos permisos, das licenzas e das autorizacións que lles corresponda outorgar a outros organismos no exercicio das súas competencias.

Para o outorgamento deste título habilitante, establécese un procedemento unitario e integrado en todo o territorio da comunidade autónoma, con independencia do tipo de recurso e da actividade mineira desenvolvida, o procedemento IN307A.

Unha vez obtido o título habilitante por parte da Administración autonómica, iniciaranse os trámites municipais oportunos para a construción das instalacións, se é o caso. Estes trámites figuran no anexo 2.

Para os efectos deste catálogo, resulta importante definir os tipos de dereitos mineiros existentes e dos distintos tipos de recursos sobre os que se poden exercer, facendo especial mención a que, aínda que o procedemento para a súa autorización é o mesmo, os contidos de cada un destes dereitos son substancialmente distintos.

Son dereitos mineiros regulados na lexislación específica mineira:

- As autorizacións de aproveitamento de recursos da sección A).
- As autorizacións de recursos da sección B).
- Os permisos de exploración, permisos de investigación e concesións de explotación dos recursos da sección C) e D).

**As autorizacións de aproveitamento de recursos das seccións A) e B) outorgan o dereito ao aproveitamento dos recursos aos que fan referencia. Estas autorizacións solicitaranse e outórganse sobre unha superficie definida por hectáreas, coas seguintes prioridades no aproveitamento**

Sección A):

- Terreos privados: o seu dono ou a quen lle ceda os seus dereitos.
- Terreos de dominio e uso público: serán de aproveitamento común.

Sección B): Residuos orixinados como consecuencia de actividades reguladas na Lei de minas.

- Polo titular do dereito mineiro que orixinou o residuo.
- Caso de residuos en dereitos mineiros caducados, polo propietario ou posuidor legal dos terreos.

Estes dereitos preferentes caducarán, se non se exercen, no prazo de 6 meses desde que se lle notifica ao titular que foi presentada por un terceiro unha solicitude de aproveitamento e cualificado este como recurso da sección B).

**Os permisos de exploración das seccións C e D conferiranlles aos seus titulares**

- O dereito a efectuar estudos e recoñecementos en zonas determinadas, mediante a aplicación de técnicas de calquera tipo que non alteren substancialmente a configuración do terreo e coas limitacións establecidas pola normativa de aplicación.
- Prioridade na petición dos permisos de investigación ou concesións directas de explotación sobre o terreo que, incluído no seu perímetro, fose franco e rexistrable.

**Os permisos de investigación das seccións C e D concédennlles aos seus titulares**

O dereito a realizar, dentro do perímetro demarcado e durante un prazo determinado, os estudos e traballos encamiñados a poñer de manifesto ou definir un ou varios recursos e a que, unha vez definidos e demostrado que son susceptibles de aproveitamento racional, se lle outorgue a correspondente concesión de explotación.

**As concesións de explotación de recursos das seccións C) e D) outórganlles aos seus titulares os seguintes dereitos de aproveitamento**

- Concesións de explotación de recursos da sección C): o dereito ao aproveitamento de todos os recursos da sección C) que se atopen dentro do seu perímetro, sen prexuízo de que, no caso de interese no aproveitamento dun recurso da dita sección, distinto ao que motivou a solicitude da concesión de explotación, deberá obter previamente autorización da Administración mineira competente.
- Concesións de explotación de recursos da sección D): o dereito ao aproveitamento, unicamente, do recurso ou recursos da sección D) que foi obxecto da solicitude.

---

**Atendendo ao coñecemento do recurso obxecto de explotación, as concesións de explotación poderán ser**

- **Concesións directas de explotación:** as solicitadas directamente sobre terreos francos e rexistrables sen necesidade de obter previamente un permiso de investigación. Estas concesións poderanse solicitar nos casos seguintes:
  - a) Cando estea de manifesto un recurso das seccións C) ou D) de tal forma que se considere suficientemente coñecido e se estime viable o seu aproveitamento racional.
  - b) Cando, sobre recursos suficientemente recoñecidos en dereitos mineiros caducados, existan datos e probas que permitan definir a súa explotación, como consecuencia de melloras tecnolóxicas ou de novas perspectivas de mercado.
- **Concesións de explotación derivadas dun permiso de investigación:** que serán solicitadas tan pronto como a investigación demostre dun modo suficiente a existencia dun recurso ou recursos das seccións C) ou D), dentro sempre do prazo de vixencia do permiso de investigación.

---

**Solicitudes dos dereitos das seccións C e D**

Os permisos de exploración, permisos de investigación e concesións de explotación de recursos das seccións C e D solicitaranse e outorgaranse sobre unha superficie determinada e medida en cuadrículas mineiras, agrupadas sen solución de continuidade, de xeito que as que teñan un punto en común queden unidas en toda a lonxitude dun dos seus lados.


A cuadrícula mineira será indivisible, coa excepción dos casos de demasía.

---

*Cuadrícula mineira: volume de profundidade indefinida, cuxa base superficial queda comprendida entre dous paralelos e dous meridianos cunha separación de 20 segundos sexagesimais, debendo coincidir con graos e minutos enteiros e, de ser o caso, cun número de segundos que necesariamente serán vinte ou corenta.*

---

## Esquema do proceso



## 2. Requisitos sectoriais

## 1. Réxime urbanístico

En función da localización concreta da actividade e da clasificación urbanística do solo no que se pretenda desenvolver o dereito mineiro, segundo o planeamento urbanístico aplicable e a normativa urbanística vixente, resultarán diferentes exixencias; de aí que esa información deba ser facilitada polo Concello respectivo, con carácter previo á realización de ningún outro trámite, para os efectos de determinar a viabilidade urbanística da actuación.

Así, de conformidade co disposto no artigo 87.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

“Toda persoa ten dereito a que o concello correspondente a informe por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito de planeamento no que se atope incluído.

Esta información deberá facilitarse nun prazo que non poderá exceder os 2 meses desde a presentación da solicitude no rexistro municipal”.

## 2. Informes ou autorizacións sectoriais

A información sobre as afeccións sectoriais que resultan aplicables a unha parcela pode consultala calquera interesado no Plan básico autonómico de Galicia, que constitúe unha ferramenta dinámica indispensable para plasmar sobre o territorio a complexa realidade da normativa sectorial e que lle permite á cidadanía dispoñer de toda a información relevante desde o punto de vista territorial, actualizada e de acceso universal, en todo o ámbito da nosa comunidade autónoma.

O visor do Plan básico autonómico de Galicia pode consultarse a través da seguinte ligazón:

<http://mapas.xunta.gal/visores/pba/>

## 3. Réxime xurídico do solo rústico

O artigo 35.1. k) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), establece como uso admisible en solo rústico as actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio.

De acordo co establecido no artigo 36 da LSG, ese uso será obxecto do título habilitante municipal de natureza urbanística.

En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.



## 4. Consulta previa en materia paisaxística

A persoa promotora da actividade recollida neste catálogo deberá realizar unha consulta previa ao Instituto de Estudos do Territorio sobre a necesidade de redactar un estudo de impacto de integración paisaxística.

Neste catálogo, pola natureza da actividade e no caso que o proxecto técnico teña que someterse ao procedemento da Lei 21/2013 do 9 de decembro de Avaliación Ambiental, deberá estarse ao establecido nesta lei sobre o procedemento que debe seguir en materia paisaxística, polo que a Consulta previa en materia paisaxística ao Instituto de Estudos do Territorio non se considera un trámite perceptivo.

Pola natureza da actividade e en aras de que o proxecto pola súa actividade singular conteña aqueles criterios mais axeitados, recomendamos que se consulten os contidos da guía da colección paisaxe galega "**Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas (2020)**".

Este documento ofrece criterios e recomendacións para a súa aplicación nos sucesivos procesos que implican as actividades extractivas de recursos minerais, desde a fase de exploración ou investigación, o proxecto e a explotación, ata a restauración final. Ademais, fai unha análise e comprensión da importancia dos recursos minerais e dos procedementos para obtelos, así como das incidencias que normalmente producen sobre a paisaxe, para ofrecer as correspondentes orientacións e criterios. Esta guía serve de fundamento para que as futuras explotacións de recursos mineiros inclúan a consideración da paisaxe e pode descargarse na web do IET de balde.

A normativa de aplicación será a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; o Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o seu regulamento; e o Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.



### 3. Trámites preliminares

Con carácter previo á solicitude dun dereito mineiro, a persoa promotora deberá:

- Acreditar, xunto coa solicitude, estar en posesión da capacidade legal, técnica e económica exixida na lexislación mineira.
- Para o caso de dereitos da sección A): acreditar a dispoñibilidade dos terreos.
- Para o caso de dereitos da sección B): obter previamente a declaración do recurso como tal.

## 4. Trámites para obter dereitos mineiros

## Resumo do proceso

O que se pretende con este catálogo é que as persoas interesadas en poñer en marcha unha actividade relacionada coa exploración, investigación, aproveitamento ou explotación dun recurso mineral ou xeolóxico teñan unha guía clara e cronolóxica de todos os trámites e actuacións necesarios para a súa autorización. Quedarían fóra do ámbito deste catálogo todos os trámites relativos á constitución e posta en marcha da empresa e á contratación de persoal, os vinculados á súa actividade ordinaria (tributación, Seguridade Social...), así como os relativos ao ámbito da prevención de riscos laborais.

A intención deste resumo é proporcionarlle á persoa promotora unha visión sinxela e global do conxunto do procedemento, que se desagregará ao longo do documento. Nos seguintes apartados inclúese unha relación detallada dos contidos e requisitos dos distintos trámites, facendo referencia en cada caso aos artigos concretos das normas legais reguladoras destes.

O procedemento administrativo para solicitar un dereito mineiro iníciase coa presentación do formulario de solicitude IN307A, en aplicación do artigo 18 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Estamos ante un procedemento administrativo único e integrado para todos os dereitos mineiros no territorio da comunidade autónoma, con independencia do tipo de recurso e da actividade mineira desenvolvida. O procedemento integrado traslada a carga das solicitudes dos informes do administrado ao órgano substantivo, polo que lle simplifica substancialmente a tramitación administrativa á persoa promotora.

Unha vez presentada a solicitude para o permiso de actividade, e logo dos oportunos requirimentos de emenda da documentación exixida pola norma, e que figura na ficha explicativa do procedemento, o órgano substantivo procederá a realizar a solicitude dos informes que se relacionan a continuación.

Segundo a Lei 3/2008, do 23 de maio, solicitaranse os seguintes informes:

- Informe do concello ou concellos que teñan o dereito mineiro dentro do seu termo municipal.
- Informe do órgano con competencias en materia de medio ambiente.
- Informe sobre o patrimonio cultural, cando proceda.
- Informe do órgano con competencias en materia de dominio público hidráulico, cando proceda.
- Informe do órgano con competencias sobre dominio público marítimo-terrestre, cando proceda.
- Informe do órgano con competencias en materia de ordenación agraria.
- Informe do órgano con competencias en materia de prevención e extinción de incendios forestais.
- Os demais informes que sexan preceptivos segundo as disposicións legais de aplicación e os que se estimen necesarios para resolver, citándose o precepto que os exixise ou fundamentando, de ser o caso, a conveniencia de reclamálos.

Estes informes emitiranse no prazo dun mes desde a recepción do expediente completo.

É moi importante sinalar que **a emisión do correspondente informe** polo órgano sectorial competente **substituirá**, para todos os efectos, **as correspondentes autorizacións** que, de acordo coa lexislación sectorial de aplicación, a persoa solicitante estea obrigada a solicitar aos órganos consultados no exercicio das súas competencias, debendo adecuarse o contido do informe ao previsto na normativa sectorial para a correspondente autorización.

Simultaneamente, abriase un período de información pública non inferior a trinta días para a presentación de posibles alegacións.

A continuación figuran fichas explicativas que sintetizan a información sobre o procedemento de autorización e sobre as taxas correspondentes.



## IN307A. Solicitud de dereiro mineiro

### Órgano responsable

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

### Descrición

Autorizacións de aproveitamento de recursos das seccións A) e B).  
Permisos de exploración dos recursos das seccións C) e D).  
Permisos de investigación dos recursos das seccións C) e D).  
Concesións de explotación das seccións C) e D).

### Documentación

- Formulario da solicitude de autorización (anexo I da orde).
  - Memoria que comprenda o proxecto de exploración, investigación ou explotación e proxectos de instalacións mineiras e procesos produtivos.
  - [Informe de viabilidade e solvencia\\*](#), que acredite que a persoa solicitante reúne os requisitos exixidos, especialmente a súa solvencia económica e técnica, axustado ao establecido no artigo 18 da Lei 3/2008, do 23 de maio.
  - No caso de que o documento estea sometido a avaliación ambiental, o documento correspondente segundo a Lei 21/2013, do 9 de decembro de avaliación ambiental, tal como se detalla no anexo 1).
  - Plan de seguridade e saúde laboral.
  - Plan de restauración do espazo afectado polas actividades mineiras.
  - Calendario de execución e orzamento.
  - Planos.
  - Anexos.
  - Documentación exixida pola normativa sectorial correspondente para autorizacións necesarias doutras administracións públicas, de ser o caso.
  - Certificado municipal sobre a situación urbanística do lugar onde se pretende levar a cabo a explotación.
  - Outra documentación e información acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial de aplicación.
  - Resumo non técnico de toda a documentación relacionada anteriormente, para facilitar a información pública.
  - Declaración responsable do técnico proxectista.
  - Pagamento da taxa correspondente á solicitude de dereito mineiro.
  - A determinación dos datos que, a xuízo da persoa solicitante, gocen de segredo profesional e de propiedade intelectual e industrial, así como os que estean suxeitos a protección de carácter persoal e confidencialidade, de acordo coas disposicións vixentes.
  - No caso de persoas físicas solicitantes, copia do DNI ou NIE, só no caso de non autorizar a súa consulta.
  - No caso de que a persoa promotora sexa unha persoa xurídica:
    - Copia do NIF, só no caso de non autorizar a súa consulta.
    - Copia da escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou do acto fundacional.
  - No caso de actuar por medio de representante, documentación acreditativa da representación.
  - Documentación exixida para a declaración de utilidade pública ou interese social, en concreto, e a necesidade de ocupación, de ser o caso. (Tal e como se detalla no anexo 2).
- No caso de solicitude de **dereitos mineiros da sección A:**
- Cando o xacemento se atope en terreos de **propiedade privada**: documentación que acredite o dereito ao aproveitamento.
  - Cando o xacemento se atope en terreos de **propiedade pública**: título habilitante da Administración titular.

## Documentación

No caso de solicitude de **dereitos mineiros da sección B**:

- Declaración previa de cualificación do recurso obxecto de aproveitamento como recurso da sección B).

No caso de solicitude de concesión directa de explotación:

- Xustificación da orixe da solicitude como concesión directa.

No caso de concesión de explotación derivada de permiso de investigación:

- Descrición detallada da natureza xeolóxica do xacemento ou criadeiro, investigacións realizadas e resultados obtidos, con expresión dos recursos e das reservas.

## Rexistro de solicitudes de dereitos mineiros

As solicitudes de permisos, autorizacións e concesións de dereitos mineiros inscribíranse no Rexistro de solicitudes de dereitos mineiros, que se configura como unha sección independente do Rexistro mineiro de Galicia.

A prioridade para a tramitación dos dereitos mineiros determinarase pola orde de inscrición no Rexistro de solicitudes de dereitos mineiros.

## Emenda de solicitudes

Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados, requírase a persoa interesada para que no prazo de dez días emende a súa a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución motivada.

## Solicitude de informes

- Informes dos distintos órganos que deban pronunciarse sobre as diferentes materias da súa competencia.
- Informes preceptivos no trámite de avaliación de impacto ambiental.

## Información pública

Publicación no DOG. Non inferior a 30 días para os efectos de presentación de posibles alegacións.

## Avaliación de impacto ambiental

Emisión do correspondente documento da avaliación de impacto ambiental:

- Declaración de impacto ambiental (DIA).
- Informe de impacto ambiental (IIA).

\*Non poderán outorgarse dereitos mineiros sen que previamente se dite a declaración ambiental, cando fose necesario consonte a lexislación vixente (art. 37 L. 3/2008).

## Informe técnico e proposta de resolución

Emisión do informe técnico definitivo do órgano tramitador e proposta de resolución. Posteriormente, enviarase á dirección xeral competente en materia de minas para a súa resolución.



## Resolución. Contido mínimo

A resolución de outorgamento dun dereito mineiro terá o seguinte **contido mínimo**:

- Condicións impostas polo órgano mineiro competente para o exercicio das actividades de exploración, investigación e explotación, así como para os establecementos de beneficio.
- A súa extensión e delimitación:
  - Nos **permisos de exploración**: O órgano mineiro competente valorará que, dentro dos límites fixados pola lexislación específica de minas, a súa extensión non supere as catrocentas cuadrículas mineiras, tendo en conta as peculiaridades do territorio da comunidade autónoma, por razóns ambientais, agrarias, urbanísticas ou outras da súa competencia.
  - Nos **permisos de investigación**, a autoridade mineira non outorgará extensións superiores a quince cuadrículas mineiras, salvo supostos excepcionais debidamente xustificadas e motivados por razón da tipoloxía do recurso a investigar, das mellores técnicas dispoñibles, da súa natureza estratéxica ou do seu interese para a economía galega.
- Prazo de vixencia e condicións de renovación, se é o caso.
- A constitución de [garantías obrigatorias e do seguro de responsabilidade civil](#)\*.
- As prescricións que garanten, se é o caso, a protección dos recursos naturais.
- As medidas relativas ao peche definitivo e abandono da explotación.
- Calquera outra medida exixida pola lexislación sectorial de aplicación.

Cando o exixa a normativa de aplicación, deberá conter:

- Declaración de impacto ambiental ou outras figuras de impacto ambiental.
- As condicións preventivas e de control necesarias en materia de accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.
- A xestión dos residuos de actividades extractivas e o seu transporte, cando se realicen dentro da propia explotación.
- As condicións de actividade dos establecementos de beneficio vencellados ás actividades mineiras.
- As correspondentes autorizacións sectoriais.

## Compatibilidade con dereitos mineiros e con usos de interese público

Se a solicitude dun dereito mineiro afecta a un dereito mineiro preexistente ou a outros de interese público, o órgano substantivo pronunciarase sobre a súa compatibilidade ou incompatibilidade, así como sobre a súa prevalencia.

## Duración

### **Autorizacións mineiras para recursos das seccións A e B:**

Duración prevista no proxecto de explotación correspondente, cun **límite máximo de revisión das condicións do seu outorgamento cada dez anos**.

*No caso da sección A, o tempo de duración da autorización non poderá exceder aquel para o que o petionario teña acreditado o dereito de aproveitamento.*

**Permisos de exploración:** Máximo dun ano, con posibilidade de prórroga, como máximo, por outro ano.

**Permisos de investigación:** Máximo de tres anos. Poderán ser prorrogados ata un máximo de tres anos, mediante unha soa prórroga ou varias sucesivas parciais, e excepcionalmente por sucesivos períodos non superiores aos tres anos.

**Concesións de autorizacións mineiras:** 30 anos, podendo prorrogarse ata un máximo de setenta e cinco anos.

<b>Prazos</b>		Aberto todo o ano.
<b>Trámite en liña</b>	Si	<a href="https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IN307A&amp;ano=2015&amp;numpub=1&amp;lang=es">https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IN307A&amp;ano=2015&amp;numpub=1&amp;lang=es</a>
<b>Presencial</b>	Non	
<b>Prazo de resolución</b>		Doce meses.
<b>Efectos do silencio</b>		Desestimatorio.
<b>Notificación e publicidade</b>		<p>O órgano tramitador notificaralles a resolución:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• ás persoas interesadas</li> <li>• ao concello onde se situará o proxecto mineiro</li> <li>• aos distintos órganos que emitiron o informe vinculante</li> </ul> <p>Se a resolución é favorable, será publicada no DOG.</p>
<b>Normativa</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• <a href="#">Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas.</a></li> <li>• <a href="#">Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto</a>, polo que se aproba o Regulamento xeral para o réxime da minaría.</li> <li>• <a href="#">Lei 3/2008, do 23 de maio</a>, de ordenación da minaría de Galicia.</li> <li>• <a href="#">Real decreto 975/2009, do 12 de xuño</a>, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.</li> <li>• <a href="#">Lei 21/2013, do 9 de decembro</a>, de avaliación ambiental.</li> <li>• <a href="#">Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto</a>, sobre visado colexial obrigatorio.</li> <li>• Orde do 22 de outubro de 2015 pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería de Economía, Emprego e Industria.</li> </ul>

### \*Informe de viabilidade ou solvencia

A xustificación da **solvencia económica** da persoa solicitante poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

- Presentación das contas anuais ou extracto destas (persoa xurídica).
- Declaración relativa á cifra de negocios global e dos traballos mineiros realizados pola persoa solicitante nos cinco últimos anos.
- Calquera outra documentación considerada suficiente polo órgano mineiro competente.

A **solvencia técnica** da persoa solicitante poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

- Titulacións académicas e profesionais e experiencia dos efectivos persoais da empresa.
- Unha declaración dos medios materiais e equipo técnico dos que dispoñerá a persoa solicitante para a execución do seu programa mineiro.
- Unha declaración sobre os efectivos persoais da empresa, indicando, se é o caso, o grao de estabilidade no emprego destes e a importancia dos seus equipos directivos durante os últimos cinco anos.
- Calquera outra documentación establecida regulamentariamente.

## \*Garantías financeiras

1. A persoa titular dun dereito mineiro deberá constituír unha garantía financeira ou equivalente suficiente antes da preceptiva comunicación do inicio dos traballos, sendo responsable do seu mantemento nos termos sinalados a continuación.
2. As **formas de constitución das garantías financeiras** ou equivalentes poderán ser, entre outras:
  - Fondos de provisión internos constituídos por depósito en entidades financeiras.
  - Garantías financeiras en custodia dun terceiro (tales como bonos e avais emitidos por entidades bancarias).
  - Contratos de seguros que cubran a responsabilidade civil da entidade explotadora, derivada do incumprimento do disposto no plan de restauración autorizado.
3. A **contía** da garantía **corresponderá á suma de dous conceptos**:
  - Un responderá do cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos mineiros. O seu importe será do 4% do orzamento de investimento, no caso dunha autorización de aproveitamento ou unha concesión de explotación, e dun 20% para os permisos de exploración ou investigación. Deberá ser revisado por petición do titular mineiro cando xustifique a execución total ou parcial do proxecto de explotación aprobado.
  - Outro responderá do cumprimento do plan de restauración ambiental, que se revisará anualmente tendo en conta os traballos de rehabilitación xa realizados e as superficies novas afectadas, conforme o disposto no plan anual de labores. A súa contía determinarase de acordo cos seguintes criterios:
    - Custo real de todos os traballos de restauración conforme o proxecto de restauración aprobado.
    - Área afectada en cada ano de investigación ou explotación.
    - Calendario e programa de execución.
    - Uso actual e previsto do solo.
4. A garantía financeira ou equivalente **constituirase de forma que se asegure a existencia de fondos facilmente dispoñibles en calquera momento** por parte da autoridade competente para a rehabilitación dos terreos afectados.
5. **Finalizada a execución** do plan de restauración, a entidade explotadora solicitaralle á autoridade competente, por escrito, a **liberación da garantía** financeira correspondente. Esta emitirá informe motivado no prazo de dous meses.


## Seguro de responsabilidade civil

A persoa titular de calquera dereito mineiro deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil no prazo de **trinta días**, contados **desde a notificación da resolución de outorgamento**, para facer fronte aos danos que lles poidan causar ás persoas, animais, bens ou medio ambiente.

Se a persoa titular dun dereito contrata os labores que este implica, en todo ou en parte, cun terceiro, poderá subrogar en todo ou en parte o contrato de seguro de responsabilidade civil ao explotador, dando conta á Administración mineira.

A contía dos seguros será fixada e revisada polo órgano mineiro competente, de acordo cos riscos derivados dos labores de exploración, investigación ou explotación e, especialmente, da xestión dos residuos xerados pola explotación.

A presentación e a tramitación da solicitude implicará o pagamento das seguintes taxas:

Taxa de inscrición no Rexistro de solicitudes de dereitos mineiros		
<b>Órgano responsable</b>		Axencia Tributaria de Galicia.
<b>Descrición</b>		<ul style="list-style-type: none"><li>Inscrición no Rexistro de solicitudes de dereitos mineiros: código 32.29.18</li></ul> <p>Pódese consultar o seu importe no seguinte enlace:</p> <p>Tarifas vixentes de taxas.</p> <p><a href="http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas/anexo-3">http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas/anexo-3</a></p>
<b>Obrigatorio</b>	Si	
<b>Trámite EN LIÑA</b>	Si	<p><b>Deberase realizar o trámite a través da sede electrónica no momento da presentación da solicitude. O pagamento da taxa está integrado no procedemento IN307A.</b></p> <p>O aboamento pode facerse con cargo á tarxeta bancaria, con cargo en conta bancaria ou ben mediante pagamento presencial en entidade financeira colaboradora utilizando unha carta de pagamento con NRC que se xera desde o mesmo procedemento.</p>
<b>Normativa</b>		<ul style="list-style-type: none"><li><a href="#">Lei 6/2003, do 9 de decembro</a>, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.</li></ul>



## Taxa de tramitación de expediente de dereitos mineiros

### Órgano responsable

Axencia Tributaria de Galicia.

### Descrición

- Tramitación de expedientes en materia de dereitos mineiros, con exclusión dos gastos relativos á información pública: código 32.29.00.

Pódese consultar o seu importe no seguinte enlace:

Tarifas vixentes de taxas.

<http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas/anexo-3>

### Obrigatorio

Si

### Trámite en liña

Si

**O pagamento da taxa está integrado no procedemento IN307A, o cal se deberá efectuar no momento en que sexa requirido polo órgano responsable da tramitación.**

**O trámite realizarase a través da sede electrónica, accedendo ao expediente previamente creado no dito procedemento IN307A e completando a acción "Pagamento de taxa por tramitación".**

O aboamento pode facerse con cargo á tarxeta bancaria, con cargo en conta bancaria ou ben mediante pagamento presencial en entidade financeira colaboradora utilizando unha carta de pagamento con NRC que se xera desde o mesmo procedemento.

### Normativa

- [Lei 6/2003, do 9 de decembro](#), de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.



## 5. Inscripción no Rexistro mineiro de Galicia

Inscripción no Rexistro  
de Solicitudes  
de Dereitos Mineiros

A solicitude do inicio do procedemento para a autorización ou concesión dun dereito mineiro inscribírase no Rexistro de solicitudes de dereitos mineiros, que se configura como unha sección independente do Rexistro mineiro de Galicia.



Unha vez finalizado o procedemento, todos os dereitos mineiros autorizados ou concedidos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia se inscribirán de oficio no Rexistro mineiro de Galicia, que será público.

A inscrición incluírá datos relativos a:

- Tipo de dereito mineiro.
- Titular.
- Extensión.
- Delimitación.
- Prazo de vixencia.

Estes datos incorporaranse ao Catastro mineiro de Galicia, cuxa xestión corresponde á Cámara oficial mineira de Galicia.



## 6. Trámites posteriores ao outorgamento

Notificada a resolución de outorgamento, a persoa titular deberá completar os seguintes trámites:

- Comunicar, con anterioridade ao inicio dos labores, a designación da dirección facultativa. A comunicación presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado que para tales efectos está dispoñible na sede electrónica da Xunta Galicia <https://sede.xunta.gal>.
- Constituír a garantía financeira ou equivalente suficiente antes da preceptiva comunicación do inicio dos traballos.
- Subscribir un seguro de responsabilidade civil no prazo de trinta días, contados desde a notificación da resolución de outorgamento, para facer fronte aos danos que lles poidan causar ás persoas, animais, bens ou medio ambiente.
- Comunicarlle o inicio dos traballos á autoridade mineira, os cales deberán iniciarse nos seguintes prazos:
  - Autorización de aproveitamento da sección A): dentro do prazo de 6 meses contados desde a notificación do seu outorgamento.
  - Autorización de aproveitamento da sección B): dentro do prazo de 1 ano contado desde a notificación do seu outorgamento.
  - Permisos de investigación: dentro do prazo de 6 meses desde que estea en condicións de ocupar os terreos.
  - Concesións de explotación: dentro do prazo de 1 ano desde o seu outorgamento.

Anexo 1.  
Tramitación ambiental

A tramitación ambiental do proxecto necesario para levar a cabo o aproveitamento dun recurso mineiro, así como do plan de restauración do espazo afectado pola actividade mineira, realizarase dentro do procedemento de outorgamento do correspondente dereito mineiro.

Os trámites relativos á información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que deban practicarse no procedemento de avaliación ambiental, realizarase de xeito simultáneo aos trámites análogos que deban practicarse no procedemento substantivo de aprobación do referido proxecto e plan de restauración.

Esta tramitación ambiental varía en función das características do proxecto e plan de restauración obxecto de aprobación:

- a. Proxectos recollidos no anexo I da Lei 21/2013 (Grupo 2. Industrias extractivas; Grupos do 9 ao 15 ) ou os que, tendo que someterse a avaliación ambiental simplificada, así o decida caso por caso o órgano ambiental. Someteranse a **avaliación ambiental ordinaria**.
- b. Proxectos considerados no anexo II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (Grupo 3. Perforacións, dragaxes e outras instalacións mineiras e industriais). Someteranse a **avaliación ambiental simplificada**.

### Avaliación ambiental ordinaria



#### Descrición

En caso de proxectos sometidos a procedemento de avaliación ambiental ordinaria, a persoa promotora elaborará o **estudo de impacto ambiental**.

#### Documentación

- Previamente ao comezo do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, a persoa promotora pode solicitarlle ao órgano ambiental que elabore un documento de alcance do estudo de impacto ambiental. Para iso, presentará ante o órgano substantivo unha solicitude de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental, acompañada do documento inicial do proxecto.
- No estudo de impacto ambiental constará, polo menos, a información contida no artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, nos termos desenvolvidos no anexo VI desta mesma normativa.
- Cando o órgano ambiental elaborase o documento de alcance de conformidade co disposto no artigo 34, a persoa promotora elaborará o estudo de impacto ambiental axustándose á información requirida no devandito documento.

#### Normativo

- [Lei 21/2013, do 9 de decembro](#), de avaliación ambiental; artigo 35, anexos I e VI.

### Avaliación ambiental simplificada



#### Descrición

En caso de proxectos sometidos a procedemento de avaliación ambiental simplificada, deberá presentarse ante o órgano substantivo, xunto coa documentación exixida pola lexislación sectorial, solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada, acompañada do documento ambiental.

#### Documentación

- No documento ambiental constará a información contida no artigo 45 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

#### Normativa

- [Lei 21/2013, do 9 de decembro](#), de avaliación ambiental; artigo 45, anexo II.

Anexo 2.  
Condições especiais para a declaración  
de utilidade pública ou interese social.  
Necesidade de ocupación

En relación co procedemento expropiatorio regulado pola Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa, a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, establece algunhas condicións especiais que resultan de interese para as persoas promotoras e que se relacionan a continuación:

- 1) Nos casos en que a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas ou norma que a substitúa, declara implícita a utilidade pública no outorgamento do dereito mineiro, a persoa promotora deste poderá solicitar a necesidade de ocupación dos bens ou dereitos que sexan indispensables para o inicio do proxecto, sen prexuízo da posibilidade de futuros expedientes expropiatorios para o desenvolvemento da totalidade do proxecto.

Para iso, a persoa promotora deberá presentar, no momento da solicitude do dereito mineiro correspondente, unha relación concreta e individualizada, na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens que se estimen de necesaria ocupación.

- 2) Naqueles casos en que a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas ou norma que a substitúa, prevexa a posibilidade da declaración da utilidade pública, a persoa promotora do dereito mineiro poderá solicitar a declaración de utilidade pública ou interese social, en concreto, e da necesidade de ocupación dos bens ou dereitos que sexan indispensables para o inicio do proxecto ou a construción da instalación, sen prexuízo da posibilidade de futuros expedientes expropiatorios para o desenvolvemento da totalidade do proxecto.

Neste caso, a persoa promotora deberá presentar coa solicitude unha xustificación da importancia e das razóns para a declaración da utilidade pública, en concreto, incluíndo unha relación concreta e individualizada dos bens e dereitos que a persoa solicitante estime de necesaria ocupación, na que se xustificarán os motivos polos que non foi posible chegar a un acordo que a evite.

- 3) O órgano mineiro realizará a publicación da relación de bens e dereitos no *Boletín Oficial del Estado*, no da provincia respectiva e nun dos diarios de maior circulación da provincia, comunicándollela ademais aos concellos en cuxo termo municipal se atope o ben ou dereito obxecto da ocupación para a súa exposición no taboleiro de anuncios, para que dentro do prazo de quince días, contados desde a última publicación, as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e o seu estado material ou legal.

Notificaráselle individualmente a cada persoa titular dos dereitos ou bens afectados, que poderán, durante o transcurso do prazo fixado no parágrafo anterior, achegar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos na relación que se fixo pública.

- 4) A resolución que outorgue o dereito mineiro así tramitado declarará, se é o caso, a utilidade pública ou o interese social, en concreto, e a necesidade de ocupación dos terreos para os efectos da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa, ou norma que a substitúa, iniciando o expediente expropiatorio, sen prexuízo da posibilidade de convir a adquisición dos bens ou dereitos que son obxecto desta libremente e por mutuo acordo. Neste último caso, unha vez convidados os termos da adquisición amigable, darase por concluído o expediente expropiatorio.

Anexo 3.  
Tramitación municipal

## Posibilidade de presentar consultas previas ante o concello

No relativo aos trámites municipais que terá que realizar a persoa promotora, o primeiro que deberá ter en conta é a necesidade de consultar, con carácter previo, a normativa que aprobouse no concello onde se pretende desenvolver a actividade, no exercicio da súa potestade regulamentaria.

Para garantir a axeitada presentación da documentación necesaria para o inicio da actividade, as persoas promotoras teñen a posibilidade de formular consultas por escrito ao concello, que deberán ir acompañadas de todos aqueles datos e documentos que permitan identificar claramente a información que lles requiren.

No caso de que os edificios ou instalacións do proxecto estivesen situados en zonas limítrofes a dous ou máis concellos, resultaría axeitado que a persoa promotora se asegurase de coñecer os límites municipais, coa realización dunha consulta no Instituto Xeográfico Nacional, da liña límite vixente<sup>1</sup>.

## Aboamento dos tributos que procedan, de ser o caso

Resulta especialmente relevante neste momento **consultar as ordenanzas fiscais** do concello, co fin de satisfacer os tributos relacionados co establecemento da actividade que, se é o caso, tivesen sido obxecto de acordo de imposición.

## Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade

Na maior parte dos casos, o inicio da actividade precisará de obras que permitan a súa realización, ou que adecúen o establecemento físico onde esta se vai realizar ás características propias da actividade. De atoparse neste suposto, o primeiro que a persoa promotora deberá saber é que todos os actos de transformación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo requiren, para o seu lícito exercicio, **de outorgamento de licenza municipal ou de presentación de comunicación previa no concello**, en función do acto de que se trate.

<sup>1/</sup> As representacións gráficas que presenta o IGN non sempre están actualizadas con técnicas modernas que permitan unha determinación precisa da liña límite legal existente entre algúns concellos. Neste caso a persoa promotora podería solicitar que se realice unha actuación de dita liña límite que se inscriba por iniciativa propia segundo permite o artigo 17.2 do Real decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional.



**Xestión do trámite**

Administración local.

**Descrición**

Estarán suxeitos a **licenza municipal**, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

- Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- Os muros de contención de terras, cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio.
- Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
- A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
- A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público, agás as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal.

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non sinalados quedan sometidos ao réxime de **comunicación previa urbanística**.

**Documentación**

A solicitude de licenza conterá os seguintes datos e documentos:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
- Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos deste, a súa localización e a edificación ou inmovible a que afecte, así como a súa referencia catastral.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnica ou técnico competente, na forma e co contido que se indica na normativa aplicable.
- Os proxectos de obras irán acompañados do correspondente oficio de dirección destas, no que se identificará o persoal técnico ao cal se lle teñen encomendadas.
- Cando non sexa exixible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible en que se pretenda levar a cabo.
- Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que vaian destinadas as obras.
- Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

As solicitudes de licenza que teñan por obxecto actos de edificación ou de uso do solo ou do subsolo poderán presentarse acompañadas dunha certificación de conformidade coa legalidade urbanística e co planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal.

## Documentación

Cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade da solicitude coa legalidade urbanística serán facultativos e non preceptivos.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa solicitude da licenza, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

## Prazo

As peticións de licenza resolveranse no prazo de **3 meses** desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Porén, cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, o prazo de resolución do procedemento poderá ser de 1 mes, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa, incluída a certificación de conformidade, no rexistro do concello. Este prazo pode reducirse a 15 días naturais en determinados supostos.

## Obrigatorio

Si

Nos casos en que resultase preceptiva en función do acto que se pretenda realizar.

## Trámite en liña

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

## Normativa

- [Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.](#)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- [Lei 9/2021, do 25 de febreiro](#), de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
- Ordenanzas municipais aplicables.

## Comunicación previa para a realización de obras



### Xestión do trámite

Administración local.

### Descrición

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza quedan sometidos ao réxime de comunicación previa urbanística. En particular, sométense ao réxime de comunicación previa:

- A execución de obras ou instalacións menores.
- A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas.
- O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de calquera clase.
- A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio nin implantar un uso residencial.
- A extracción de granulados para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.
- As actividades extractivas de minerais, líquidos e de calquera outra materia, así como as de verteduras no subsolo.
- A instalación de invernadoiros.
- A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.
- Os cerramentos e valados de predios.
- A primeira ocupación dos edificios.

## Documentación

A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para notificacións.
- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, se é o caso, proxecto técnico legalmente exixible.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
- Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles ao solicitante, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento. Para estes efectos, no caso de non se teren emitido os informes no prazo legalmente establecido, acreditarase tal circunstancia.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirilos o uso a que se destinen as obras.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.
- Documento de formalización da cesión, se é o caso.
- Data de inicio e finalización das obras.
- Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras suscrito por técnico/a competente, visado polo colexio profesional cando así o exixa a normativa vixente, no caso de comunicación previa de primeira ocupación de edificacións amparadas en licenza de obras que requiran proxecto técnico.
- Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, de ser o caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos da axeitada execución das acometidas das redes de subministración, no caso de comunicación previa de primeira ocupación de edificacións.

As comunicacións que teñan por obxecto actos de edificación ou de uso do solo ou do subsolo poderán presentarse acompañadas dunha certificación de conformidade coa legalidade urbanística e co planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

## Prazos

No caso das comunicacións previas urbanísticas, a persoa promotora, con carácter previo á execución do acto de que se trate, comunicarlle ao concello a súa intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de quince días hábiles á data en que pretenda comezar a súa execución.

Dentro dos quince días hábiles seguintes á comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a reparación das deficiencias que conteña, adoptando neste caso, de forma motivada, as medidas provisionais que entenda oportunas, comunicándollas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos exixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a esta, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

Cando unha comunicación urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, habilitará con efectos inmediatos desde a súa presentación no rexistro do concello para a realización do acto que constitúa o seu obxecto, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

<b>Obrigatorio</b>	Si	Nos casos en que non sexa preceptiva licenza para a realización das obras.
<b>Trámite en liña</b>	Si	A través das sedes electrónicas municipais.
<b>Normativa</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• <a href="#">Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.</a></li> <li>• Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.</li> <li>• <a href="#">Lei 9/2021, do 25 de febreiro,</a> de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.</li> <li>• Ordenanzas municipais aplicables.</li> </ul>

Antes de presentar a solicitude de licenza ou de presentar a comunicación previa urbanística, a persoa promotora deberá ter en conta os seguintes aspectos:

- Cando os actos de edificación e uso do solo e subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixirase que a promotora dispoña das autorizacións ou concesións preceptivas previas outorgadas por parte do titular do dominio público.
- Non se poderá conceder licenza ou presentar comunicación previa urbanística sen que se dispoña do outorgamento previo das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes.


Neste sentido, cómpre reiterar que no suposto de que a explotación mineira se emprace en solo rústico de especial protección, de conformidade co establecido no artigo 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, e dos artigos 51.2 e 63.3 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano que teña competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.

Así mesmo, ao tratarse de obras que teñen por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, establécese un réxime específico que determina que a promotora **deberá consignar expresamente esa circunstancia** e, xunto coa solicitude de licenza de obra ou coa comunicación previa, presentará a seguinte documentación:

- Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de recibir notificacións.
- Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento onde se vai desenvolver.
- O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Unha declaración da persoa titular da actividade, de ser o caso, subscribida por técnico/a competente, na cal manifesta que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación redactados e asinados por persoa técnica competente.
- A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.
- As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- De ser o caso, o certificado de conformidade emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal.

Así, nos casos en que concorran estas dúas circunstancias –a realización da actividade e a execución de obras para o exercicio desta–, as facultades municipais de comprobación, control e inspección exerceranse, nun primeiro momento, en relación coa actividade a que vaia destinada a obra, suspendendo toda actuación administrativa en relación con esta mentres a persoa interesada non acredite debidamente o cumprimento dos requisitos legais para o exercicio da actividade.

Logo de rematar a obra, presentárase **comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento** sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por persoa técnica competente, así como cando proceda o certificado acústico.

Comunicación previa para o inicio da actividade tras a realización de obras		
<b>Xestión do trámite</b>	Administración local.	
<b>Descrición</b>	Cando a actividade requira a execución de obras ou instalacións, non se poderán iniciar ou desenvolver as actividades ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa correspondente ante o concello.	
<b>Documentación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Datos de identificación da persoa titular.</li> <li>• Referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada.</li> <li>• Certificado final de obra asinado por técnico ou técnica competente.</li> <li>• Certificado acústico (cando proceda).</li> </ul> <p>Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.</p>	
<b>Obrigatorio</b>	Si	A presentación dunha comunicación previa que cumpra os requisitos exixidos habilita desde o mesmo momento da dita presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, sen prexuízo das actuacións de verificación e control posterior que establece o concello.
<b>Trámite en liña</b>	Si	A través das sedes electrónicas municipais.
<b>Normativa</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.</li> <li>• <a href="#">Lei 9/2013, do 19 de decembro</a>, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.</li> <li>• <a href="#">Lei 9/2021, do 25 de febreiro</a>, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.</li> <li>• Ordenanzas municipais aplicables.</li> </ul>	

## Presentación de comunicación previa ao inicio da actividade sen realización de obras

Nos casos en que non fose necesaria a realización de obras para o inicio da actividade, tras a realización dos trámites sectoriais oportunos en función do tipo de actividade de que se trate, a persoa promotora deberá saber que, con carácter xeral, a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial ou profesional **require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa** ante o concello en que se pretenda desenvolver a actividade ou abrir o establecemento.



**Xestión do trámite**

Administración local.

**Descrición**

A instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, así como a apertura dos establecementos destinados a este tipo de actividades, require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa coas seguintes excepcións:

- Exercicio de actividades e a apertura de establecementos sometidos a outro réxime de intervención administrativa pola normativa sectorial que resulte de aplicación.
- Exercicio de actividades que non estean vinculadas a un establecemento físico.

**Documentación**

A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
- Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento ou establecementos onde se vai desenvolver.
- O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Unha declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso, suscrita por técnica ou técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable, segundo o regulado na normativa de aplicación. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.
- A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.
- As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- De ser o caso, o certificado de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.

Se para o desenvolvemento da actividade ou a apertura do establecemento é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentárase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

**Obrigatorio**

Si

No caso da apertura de establecementos, unha copia selada da comunicación previa deberá expoñerse nun lugar visible e de fácil acceso.

En todo caso, a persoa titular da actividade deberá dispoñer dunha copia selada da comunicación previa e exhibila cando llo requira unha inspección administrativa ou calquera persoa para a cal se realice a actividade.

**Trámite en liña**

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

A presentación dunha comunicación previa, que cumpra os requisitos exixidos, habilita desde o mesmo momento da presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, ou desde a data que a persoa interesada nela sinala expresamente, sen prexuízo das facultades dos concellos para o establecemento e planificación das actuacións de verificación e control posterior.

Unha vez recibida unha comunicación previa, o concello verificará de oficio:

- A súa propia competencia.
- Se se trata do medio de intervención legalmente indicado para a actividade ou o establecemento.
- Se a comunicación previa contén os datos e a documentación exixidos.

Se os datos ou a documentación presentados coa comunicación previa están incompletos ou tivesen calquera outra deficiencia emendable, o concello concederalle á persoa que a presentou un prazo de reparación de 10 días. Non obstante, no caso de que as deficiencias detectadas non resulten emendables ou non se emenden no prazo outorgado, ou cando o concello determine que non lle corresponde a competencia para a recepción da comunicación previa ou que a actividade ou establecemento ao que esta se refire está sometido a outro réxime de intervención administrativa, iniciarase de oficio o procedemento de declaración de ineficacia da comunicación previa.





Este documento foi redactado, con fins meramente informativos, pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Industria e Innovación, a modo de consulta e simplificación da normativa aplicable, polo que o seu contido non é vinculante.

Toda a información presente neste catálogo está recollida da lexislación vixente no momento da súa publicación, e debe ser interpretada sempre a teor dela, polo que o catálogo é un documento suxeito a continua evolución.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
ECONOMÍA, INDUSTRIA  
E INNOVACIÓN